

EXPEDIENTE:	<b>2022/00015505B</b>
PROCEDIMENTO:	<b>Procesos de selección de persoal</b>

Rematado o prazo de dez días hábiles concedido na resolución nº 2022/3500 publicada o 30 de marzo, a efectos de subsanación de erros, e de conformidade coa base sexta das bases específicas da convocatoria de prazas do Concello de Santiago de Compostela (BOP nº 78 de 28 de abril de 2021) para a provisión en propiedade, **polo sistema selectivo de concurso- oposición**, de catro prazas de conserxe, (1 de persoal laboral a funcionarizar, e 3 de persoal funcionario) pertencentes á escala de Administración Xeral, subescala subalterna, subgrupo C2, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2017,2018, e 2019.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Elevar a definitiva, por non se ter formulado alegacións, a lista provisional de admitidos e excluídos e confirmar a composición do tribunal.

**SEGUNDO:** Confirmar a data do primeiro exercicio da oposición que terá lugar o 29 de abril ás 17:00 horas no Salón de Plenos do Concello.